


[Inicio](#) > [Campus de Vigo](#)

Martes, 17 de outubro do 2017

Tras adiarse pola vaga de incendios, hoxe inaugurouse a IV Semana Ibérica de Modelización

Cóbado con cóbado para resolver xuntos, e con matemáticas, problemas reais da industria

Coa participación de alumnado español e portugués, titorizados por docentes e técnicos de empresa

[Tweet](#)
 [Delicious](#)

D. Besadío | Vigo

Vinte alumnos e alumnos chegados desde as universidades de Porto, Compostela, Valladolid, Valencia e Vigo traballando cóbado con cóbado con docentes universitarios que exercen como titores e técnicos de empresas para solucionar, a través das matemáticas, problemas reais da industria. Nisto consiste a [IV Semana Ibérica de Modelización](#), un encontro que estaba previsto inaugurar onte luns no edificio Miralles pero que, debido á vaga de lumes que sufriu Galicia desde a madrugada deste domingo, foi adiado ata hoxe martes.

A apertura do encontro estivo precisamente marcada polas referencias a estes tráxicos sucesos e, neste sentido, a comisionada do reitor para o Vigo Tecnolóxico, Edita de Lorenzo, que asistiu ao acto en representación do reitor, Salustiano Mato, dedicou as súas primeiras palabras a emitir as condolencias da institución académica viguesa "por todas as persoas que estes días perderon a vida, que é o que realmente importa, por todos aqueles que perderon os seus bens, pero tamén porque todos perdemos algo que vai tardar moito en volver", verbas ás que tamén se sumaron os seus acompañantes de mesa, a profesora da Universidade de Santiago de Compostela e presidenta da Rede Española de Matemática Industrial, Peregrina Quintela e os profesores da

Universidade de Vigo, José Durany e Javier Roca, coordinador do encontro.

Debido ao cambio de axenda non puido asistir á inauguración o profesor Manuel Cruz, presidente da Rede Portuguesa de Matemática para a Industria e a Innovación, pero igualmente enviou unhas "verbas solidarias" que se encargou de transmitir a comisionada do Vigo Tecnolóxico e nas que fixo fincapé na traxedia común que os incendios forestais supoñen para Galicia e Portugal, ademais de desexarlles aos participantes "unha semana chea de desafíos estimulantes".

Peregrina Quintela: "estamos aquí para traballar coa matemática como ferramenta"

A presidenta da Rede Española de Matemática Industrial Peregrina Quintela lembrou na apertura do acto que este evento xurdiu na Universidade de Coímbra hai xa catro anos e o éxito que obtivo levou ás redes portuguesa e española de matemática industria a unir esforzos e reproducir anualmente este evento, alternando as sedes entre España e Portugal. Na súa intervención fixo especial fincapé no novidoso da xornada "xa que durante unha semana reúnense estudantes, profesores e técnicos de empresas para resolver problemas que, se ben xa foron tratados a nivel académico, chegaron propostos desde o ámbito industrial".

Os obxectivos do encontro son múltiples e intentan axudar en moitos ámbitos de actuación, "ámbitos que os matemáticos estamos coidando bastante ao longo dos últimos anos", recalcou Quintela, que insisitiu en que "estamos aquí para traballar coa matemática como ferramenta". Un a un foi explicando como o primeiro deste obxectivos é promocionar o potencial que teñen as matemáticas para resolver problemas no ámbito empresarial. Tamén capacitar ao alumnado de grao e de máster cunha formación que estea adaptada á solución de problemas reais e, por outra banda, promover a creación de novos postos de traballo tecnolóxicos, intensificar a colaboración en I+D coa industria e seguir a incrementar os niveis de transferencia do coñecemento que se leva a cabo nas universidades. "Os obxectivos desta semana son ambiciosos pero axudan a marcar unha folia de ruta que a institución universitaria debe levar a cabo se non quere vivir de costas á sociedade", recalcou a docente.

Itmati factura xa un millón e euros anuais

Na apertura do acto contouse tamén coa participación do profesor da Escola de Enxeñaría de Telecomunión José Durany, que interveu en calidade de membro do Consello de Goberno do Itmati, Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial, ente posto en marcha polas tres universidades galegas hai apenas catro anos e cuxa facturación alcanza xa a cifra dun millón de euros anuais, "diñeiro que empregamos sobre todo para contratar a mozos e mozas investigadores para traballar no mesmo que ides facer aquí esta semana, é dicir, axudarlles ás empresas a solucionar os seus problemas, ben sexa a través da simulación numérica, a estatística ou o big data".

Unha semana para resolver tres retos

Pola súa banda, o profesor Javier Roca, coordinador das xornadas, insistiu en que as cousas están cambiando moito e as matemáticas hoxe están presentes en todos os ámbitos, sobre todo a matemática con carácter máis aplicado e, neste sentido, "os temas que imos tratar aquí son cuestións que soan moito e que cada vez se empregan máis".

Os tres retos a resolver ao longo desta semana están relacionados co Big Data, empregando un problema relacionado co sector das telecomunicacións; simulacións numéricas, utilizadas para caracterizar as correntes de aire arredor de edificios, e visión artificial, aplicada neste caso á industria da pedra.